

# Medir forza argumentativa



Argumentación débil

Argumentación forte

## Razoamento deficiente

A argumentación presenta falta de solidez polo uso de falacias argumentativas.

O encargado de elaborar a carga da proba non desenvolve argumentos a partir da información exposta.

O encargado de elaborar a carga da proba non achega argumentos adicionais unha vez están refutados os xa presentados.

As deducións posibles a partir dos datos non son válidas.

A argumentación é repetitiva e/ou non engade argumentos.

## Datos insuficientes

Os datos están seleccionados segundo criterios non explicitados

Descoñécense as fontes dos datos ou non poden comprobarse.

Os datos son imprecisos ou ambigüos.

Os datos non presentan un contexto de validez que sexa recuperable

## Probas de apoio

Amósanse os criterios de selección dos datos achegados

Indícanse as fontes dos datos e son válidas.

Os datos son precisos, concretos e axietados á idea que está a defenderse.

Os datos presentan un contexto de validez claro.

## Ámbito sólido

Elabóranse argumentos relacionados cos datos dispoñibles.

A argumentación presenta unha estrutura lóxica válida ou están baseados en formas de razoamento verificables e axeitadas.

Achéganse argumentos adicionais cando é preciso reforzar a carga da proba.

Os argumentos presentan reservas que delimitan o seu ámbito de actuación.

Os argumentos están modelizados cando é preciso indicando cales son as circunstancias da súa validez